

PERMANENT VACATION

Jim Jarmusch, 1980

535

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 4 e 12 de xuño | V.O.S.E.

Permanent Vacation (1980, 75')

Dirección: Jim Jarmusch

Guión: Jim Jarmusch

Elenco: Chris Parker, Frankie Faison, John Lurie, Sara Driver, Richard Boes, Evelyn Smith

Son: Kevin Dowd, Mike Hessing, Lisa Kaplan, Virgil Morefield

Montaxe: Jim Jarmusch

Música: John Lurie, Jim Jarmusch

Fotografía: Tom DiCillo, James A. Lebovitz

Produtora: Cinesthesia Productions (Estados Unidos)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Los muertos no mueren, 2019

Paterson, 2016

Gimme Danger, 2016

Só os amantes sobreviven, 2013

Los límites del control, 2009

Flores rotas, 2005

Coffee and Cigarettes, 2003

Ghost Dog, o camiño do samurai, 1999

Year of the Horse, 1997

Dead Man, 1995

Noite na terra, 1991

Mystery Train, 1989

Down by Law [*Baixo o peso da lei*], 1986

Estraños no paraíso, 1984

SINOPSE

Un mozo chamado Allie pasea por Nova York mentres agarda o intre de iniciar unha viaxe a Europa. Allie é un gran seguidor do saxofonista de jazz Charlie Parker e isto lévao a coñecer xente do ambiente musical. As situacións que o mozo vive nas noites de Manhattan son do máis surrealista e fan que se sinta nun estraño estado, como se se encontrara nunhas vacacións permanentes.

PREMIOS E FESTIVAIS

Mannheim-Heidelberg 1980
(Premio Josef von Sternberg)

«Prefiro facer un filme sobre un tipo paseando o seu can que sobre o emperador de China»

Jim Jarmusch



PERMANENT VACATION

Jim Jarmusch, 1980

“A cultura hip-hop e o graffiti están gravados en min”

Entrevista con Jim Jarmusch

Por Saxon Baird

Tes comentado que participaches da escena dos setenta arredor mítico CBGB [Country Bluegrass and Blues, emblemático local de punk e New Wave de Nova York]. Canta desa experiencia ten influencia na túa obra?

Ese período arredor do CBGB e o Max's Kansas City foi incrivelmente importante para min. E aínda hoxe condiciona o meu ADN estético. Está moi presente en min porque a idea estaba en calquera que quixese formar unha banda e expresarse por si propio. Non tiñas que facer música pensando na súa viabilidade comercial ou na radio. De cando en vez algunha banda acadaba certa sona, pero non había ningunha presión nese sentido. «Fai algo porque o sentes, non porque sexa o sendeiro marcado para ti», díciase. Impresionábanme algúns cineastas como Amos Poe, que fixo *Unmade Beds* (1976) e *The Foreigner* (1978), Eric Mitchell, que era actor e cineasta, e Charlie Ahearn. Esa escena expándese aos oitenta e inclúe o hip-hop, co que o inicio desa cultura e o graffiti están gravadas en min.

A coñecida como estética punk-rock é aínda moi importante no meu día a día. Recordo moitas cousas positivas dese período. Había un sentimento de apertura, de que todo o mundo podía

facer cousas. Seguín a Amos Poe e Eric Mitchell durante un ano e sempre me dicían que por que non facía a miña propia película. «Ti podes. Aluga un coche, tenta conseguir un pouco de diñeiro e comeza a gravar». Así foi como fixen o meu primeiro filme en 1979, *Permanent Vacation*. Ese sentimento aínda permanece en min.

Publicado en daily.redbullmusicacademy.com

* * *

O antiheroe sen atributos

Antes de saltar á fama internacional con *Estraños no paraíso* (1984), Jarmusch rodou nas rúas de Nova York o seu primeiro traballo, *Permanent Vacation*, en 16 mm, formato 4:3 e animado por un auténtico espírito do que viría a se chamar cinema *indie*: unha actitude punk na produción combinada cun alento pop no estético e no narrativo; unha ponte entre a tradición *underground* e experimental norteamericana e o cinema puramente industrial e clásico, recollendo algo de cada beira e reivindicando por igual a tradición do cinema de autor europeo como reacción a un cinema norteamericano que, nos anos oitenta, se atopaba sumido no proxecto reaganiano de devolver a esperanza e a confianza a un pobo desolado polas consecuencias da Guerra do Vietnam.

Esta fita xorde por contraste con ese cinema e faino deliberadamente como un espazo de narración débil, lene, centrado na figura dun antiheroe sen atributos. O filme contén algúns dos trazos que Jarmusch desenvolverá posteriormente ao longo da súa carreira: a propensión e fascinación polo vagabundo vital e narrativo, nunha sorte de reescritura da icona norteamericana do beatnik, o traballo co musical como sinal de identidade e de inscrición no mundo, indo alén do puro acompañamento visual, e unha esperanza algo inxenua na figura do estranxeiro como salvador, un mesías laico capaz de redimir a desidia e crear a epifanía emocional.

Permanent Vacation retrata os días de deambulación de Allie, diletante desocupado na Nova York postapocalíptica dos anos oitenta, un personaxe sen ocupación coñecida, sen pasado nin futuro. O título é un xogo irónico coa expresión inglesa de *vacacións permanentes*, empregada para se referir normalmente aos expedientes de regulación de empregos masivos. Pero as vacacións permanentes do filme non son de orde económica, senón vital, polo que Jarmusch recupera a figura deses *beatniks* que se opuñan ao desenvolvemento moderno a través dunha actitude vital marxinal, pero actualizándoa co desencanto e certo cinismo propio da primeira posmodernidade.

Publicado en museoreinasofia.es

Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Paterson, William Carlos Williams. Cátedra, 2001

Jim Jarmusch, Hilario J. Rodríguez & Carlos Tejada. Cátedra, 2014

Rodríguez, Hilario J. | Tejada, Carlos

Pack Jim Jarmusch. Cameo [DVD]

Down by Law, Jim Jarmusch. Cameo [BluRay]

Flores rotas, Jim Jarmusch. Vertigo [BluRay]

Night on Earth, Jim Jarmusch. Cameo [BluRay]

Sólo los amantes sobreviven, Jim Jarmusch.

Vertigo [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.

#eusondenumax

